

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 20 DE FEBREIRO DE 2023

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00008984L.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Extraordinaria-urxente de data 9 de febreiro de 2023.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1227/2020.

Deixar sen efecto a escritura pública nº protocolo 26 e aceptar libre de cargas a cesión de viario formalizada en escritura pública nº protocolo 1210.

Acórdase:

Primeiro.- Deixar en efecto a escritura pública de data 11/01/2021 , outorgada ante Notario co número de protocolo vinte e seis polos motivos expostos.

Segundo.- Aceptar libre de cargas a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 31 de maio de 2022, outorgada ante Notario co número de protocolo 1210, que se describe así :

“ porción de terreno, da superficie de cento setenta metros e corenta e cinco decímetros cadrados (170,45) destinado a viario que linda; Norte, C. M.B. (260); Sur, C. V. R. (257);Este, camino de Roxos a Portomouro e Oeste, resto da finca matriz.

Deberase presentar a escritura liquidada no prazo dun mes.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00042486J.

Aceptar cesión de viario e conceder licenza para o parcelamento no LG Pedra.

Acórdase:

Primeiro: Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 24/01/20023 outorgada ante Notario co número de protocolo 156. Deberase presentar a escritura liquidada no prazo dun mes.

Segundo: Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o documento presentado o 28/07/2022 e documentación do 03/02/2023, parcelamento no LG PEDRA, Santiago de Compostela (A Coruña); nas seguintes parcelas de resultado.

Parcela RESULTADO 381-1. Superficie Neta 665,000 m2. Solo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado como Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais.

Parcela RESULTADO 381-2. Superficie Neta 665,000 m2. Solo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado como Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais.

Parcela RESULTADO 381-3. Superficie Neta 665,000 m2. Solo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado como Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais.

☐ **Cesión: 75,00+38,00+37,00= 150,00m2s**

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00019957R.

Rexeitar o recurso de reposición contra o acordo da sesión do 28.11.2022, de denegación da legalización da vivenda unifamiliar sita no Lg Lamas de Carballal 15.

Acórdase rexeitar o recurso de reposición contra o acordo. da Xunta de Goberno Local do oncello de Santiago de Compostela do 28 de novembro de 2022 de denegación da legalización da vivenda unifamiliar sita no Lg Lamas de Carballal 15 Santiago de Compostela, segundo o Documento

refundido Proxecto Básico e de data de visado, ó non desvirtuar as súas alegacións os fundamentos fácticos e xurídicos do acordo recurrido, que se mantén en todos os seus termos.

5. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2023/00002038L.

Solicitud de subvención para acometer o proxecto de “Actuacións de mellora no pavimento de varios viais no polígono do Tambre”.

Acórdase:

1.- Expresar a vontade do Concello de Santiago de acometer o proxecto de Actuacións de mellora no pavimento de varios viais no polígono do Tambre.

2.- Solicitar as axudas previstas na ORDE do 14 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da comunidade Autónoma de Galicia, para poder acometer con elas a o proxecto de Actuacións de mellora no pavimento de varios viais no polígono do Tambre.

As actuacións proxectadas consisten na mellora vial mediante o fresado da capa de rodaxe que se atopa en mal estado e a posterior aplicación de 5cm de mestura bituminosa, realizándose o saneo do firme nas zonas máis deterioradas. Tamén se inclúe a pintura dos viais nas zonas afectadas pola rexeneración do firme.

6. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00055080A.

Aprobación do expediente de “Subministración de dispositivos portátiles para o uso en mobilidade e teletraballo da solución de administración electrónica”, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional dentro do programa operativo FEDER Plurirexional de España 2014-2020.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente denominado *Subministración de dispositivos portátiles para o uso en mobilidade e teletraballo da solución de administración electrónica, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional dentro do programa operativo Feder Plurirexional de España 2014-2020* cun orzamento base de licitación de **54.900,00 €** (base impoñible de 45.371,90 € máis IVE do 21% por importe de 9.528,10€).

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adxudicación.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de 54.900,00 € que se imputará á aplicación orzamentaria 030 92001 6260000 (Código de proxecto: 2018 2 EDUSI 6 1).

7. RELACIÓNS VECIÑAIS E MOCIDADE. Referencia: 2023/00008813D.

Aprobar a desestimación do recurso de reposición presentado pola Asociación de veciños da Gracia, contra o acordo da sesión do 29 de decembro de 2022, relativo á aprobación da xustificación da subvención ás asociacións veciñais sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral durante o exercicio 2022.

Acórdase desestimar o recurso de reposición presentado pola Asociación de Veciños da Gracia contra o acordo de aprobación da xustificación das subvencións ás asociacións veciñais sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral durante o exercicio 2022 adoptado pola Xunta de Goberno Local do 29 de decembro de 2022.

8. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2023/00002648P.

Aprobar a convocatoria do “Premio Xohana Torres de ensaio, investigación e creación audiovisual sobre as mulleres na sociedade galega” para o ano 2023.

Acórdase:

1. Aprobar a convocatoria do PREMIO XOHANA TORRES DE ENSAIO, INVESTIGACIÓN E CREACIÓN AUDIOVISUAL SOBRE AS MULLERES NA SOCIEDADE GALEGA para o ano 2023.

2. Aprobar o compromiso de consignar crédito suficiente e adecuado nos orzamentos do exercicio de 2024, dos importes establecidos para os premios nesta convocatoria, os efectos do disposto no artigo 56.1.b) do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da

Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, quedando a concesión dos premios condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

O premio de ensaio, investigación e creación audiovisual Xohana Torres encádrase nas medidas que leva a cabo a Concellaría con competencias en Políticas de Igualdade para a consecución dos seus obxectivos básicos, entre os que se atopan: potenciar a presenza e o recoñecemento social das mulleres en todos os ámbitos da sociedade; facer visible as súas diversas achegas ao longo da historia; promover a igualdade efectiva de mulleres e homes; e erradicar as diferentes formas de discriminación e desigualdade que viven a día de hoxe as mulleres.

A tramitación e concesión deste premio, levase a cabo en colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela, en consonancia coa filosofía de impulso cultural, da igualdade social e da integración.

As bases establecen dúas modalidades: ensaio/investigación ou creación audiovisual, cunha dotación 2.500 €, para cadansúa, suxeito ás retencións fiscais que legalmente lle sexan aplicación.

- Modalidade ensaio/investigación:

a) As persoas participantes deberán presentar por duplicado un único traballo en soporte dixital, en formato PDF cun tamaño máximo do arquivo de 100 MB presentándose en cada seu DVD ou Pendrive. Os traballos terán unha extensión mínima de 150 páxinas e máxima de 300 páxinas, a dobre espazo, tamaño da fonte 12, con marxines de 2,5 centímetros, a unha soa cara e numeradas.

b) As obras, deberán presentarse coa seguinte estrutura: introdución, na que se exprese o tema e o obxectivo do traballo; desenvolvemento, coa exposición e análise do tema; conclusións, e bibliografía, coas referencias ás fontes consultadas.

-Modalidade creación audiovisual:

a) Os traballos audiovisuais deberán presentarse por duplicado e ter unha duración mínima de 15 minutos e aceptarse calquera tipo de expresión artística.

b) Presentaranse en formato DVD ou pendrive, no que se incluírá unha copia do vídeo.

O prazo de presentación dos traballos comeza o día 8 de marzo de 2023 e remata o 29 de decembro de 2023 ás 14,00 horas.

O fallo do premio da edición de 2023, farase público o 8 de marzo de 2024.

9. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2023/00003276S.

Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Concello e a Universidade de Santiago de Compostela, relativo á tramitación, concesión e publicación do premio de ensaio e creación audiovisual Xohana Torres, edición 2022.

Apróbase o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela, relativo á tramitación, concesión e publicación do premio de ensaio e creación audiovisual Xohana Torres, edición 2022

10. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2023/00004182R.

Aprobación das bases da convocatoria do “Premio Exeria de creación literaria ano 2023”.

Acórdase:

1. Aprobar as Bases da convocatoria do Premio Exeria de proxectos de creación literaria que acada un importe total de 3.000 euros.

2. Aprobar o gasto, correspondente ao premio en metálico, por importe de 3.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2023 050 33400 4890100 da área de Cultura pertencente á oncellaría de Acción Cultural.

3. Autorizar o pago anticipado do importe tras a concesión.

O premio vai destinado aos proxectos de creación literaria de autores/as residentes en Santiago de Compostela que necesiten dun tempo e un espazo para desenvolver a súa obra.

O premio está dotado con 3.000 € e conleva a reserva dunha estada de creación literaria na residencia Al Mamal na cidade de Xerusalén. O pago desa estada e dos gastos de desprazamento e da súa xestión corren por conta do beneficiario/a. A xestora cultural Yolanda Castaño Pereira, que é a promotora da Residencia Literaria 1863 será a encargada de publicitar a convocatoria nos ámbitos literarios e será o contacto para a xestión do pago da residencia. A colaboración do consulado de España en Xerusalén consistirá en facilitar a tramitación da documentación da autora premiada para a súa estada de creación en Xerusalén.

O período de presentación de orixinais é de 1 mes contado a partir do día seguinte á publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

11. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2023/00005381G.

Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Deputación da Coruña para o Festival Rosalía 2023.

Acórdase:

-Que se proceda á aprobación do texto do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Deputación da Coruña para a celebración do Festival Rosalía 2023 os días 24 e 25 de febreiro.

- Autorizar o gasto por importe total de 6.206,83 €.

12. ATESTADOS. Referencia: 2022/00006985A.

Prórroga do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a empresa DECATHLON ESPAÑA,SA. para o desenvolvemento de actividades formativas no ámbito da seguridade viaria e a prevención de accidentes no relativo ao manexo e condución de bicicletas.

Prorrógase por un ano o convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e DECATHLON ESPAÑA, SA para o desenvolvemento de actividades formativas no ámbito da seguridade viaria e a prevención de accidentes no relativo ao manexo e condución de bicicletas.

13. ALCALDÍA. Referencia: 2023/00007398C.

Nomeamento de representante do Grupo Municipal Popular no Consello de Administración de INCOLSA.

Acórdase designar ao concelleiro Ramón de Jesús Quiroga Limia como representante do Concello de Santiago de Compostela no Consello de Administración de INCOLSA, en substitución de dona María Antón Vilasánchez.

14. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00008984L.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 10 ao 16 de febreiro de 2023.

URXENCIAS

1.Aprobación das bases de subvencións do Premio Internacional Compostela de Álbums Ilustrados.

Acórdase:

1.- Aprobar as bases do XVI Premio Internacional "Compostela" para álbums ilustrados que convoca o Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela coa editorial Kalandraka.

2.- O gasto irá con cargo á aplicación orzamentaria 080.32600.4890100, dos orzamentos do exercicio 2022 prorrogados ao 2023.

O premio está dotado coa cantidade de 9.000 euros, de acordo co seguinte reparto:

Á conta do Concello de Santiago de Compostela.

Aplicación orzamentaria 080.32600.4890100.....8.000,00 euros

Á conta de Kalandraka Editora..... 1.000,00 euros

2.- Procedementos administrativos: dáse conta dunha sentenza.

Obxecto: Recurso contra o decreto do Concello de Santiago de Compostela de fecha 29 de decembro de 2020 que acorda non admitir e devolver a factura 3/19, presentada por servizos profesionais prestados ao Concello de Santiago.

A sentenza é desfavorable aos intereses municipais pois estima o recurso e anula a resolución impugnada.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial

2. Remítela ao Departamento de Asesoría xurídica para os efectos da súa execución, tendo en conta que o presente informe non é preceptivo nin constitúe un requisito previo para levar a efecto a dita execución polo órgano competente unha vez sexa notificada a firmeza da sentenza.

3.- Rectificación de prego.

Rectifícase o prego de prescricións técnicas aprobado pola Xunta de Goberno do 23/01/2023 da contratación do Servizo de operacións de conservación, mantemento, reparación e pequena reforma de espazos públicos do entorno urbano, excluído o ámbito do recinto intramuros da cidade histórica de Santiago de Compostela (2023-2025).

O prazo de presentación de ofertas finaliza o 21/02/2023.

4.- Rectificación de prego

Rectifícase o prego de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Xunta de Goberno do 26/01/2023 da contratación Servizo para a execución de diversas operacións de conservación, mantemento e reparación de pavimentos e drenaxes nos viarios e espazos públicos municipais do medio rural do termo municipal de Santiago de Compostela (2023-2025).

O prazo de presentación de ofertas finaliza o 24/02/2023

5.- Rectificación de prego

Rectifícase o prego de prescricións técnicas aprobado pola Xunta de Goberno do 26/01/2023 da contratación do Servizo de operacións de conservación, mantemento e reparación de pavimentos asfálticos en viarios públicos municipais do núcleo urbano.

O prazo de presentación de ofertas finaliza o 24/02/2023.

6.- Proposta de resolución contratación: adxudicación do contrato que ten por obxecto a Subministración e implantación dunha solución de xestión de facturas baseada nunha contorna web e migración do aplicativo de xestión contable do Concello de Santiago de Compostela a mesma contorna web, integrando ambas solucións a nivel operativo e ubicándoas nun único servidor dedicado.

Acórdase:

Primeiro: Dado que o expediente se iniciou como anticipado de gasto procede autorizar o gasto total por importe de 130.576,22 euros (base imponible de 107.914,23 euros e IVE do 21% por importe de 22.661,99 euros) coa seguinte imputación:

Subministración e implantación solución xestión de facturas:

- Importe (IVE engadido): 86.345,60 €
- Aplicación orzamentaria: 030 92001 6410003 - 2021 2 INFOR 11

Migración e adaptación aplicativo xestión contable:

- Importe (iva engadido): 44.230,62 €
- Aplicación orzamentaria: 030 92001 2270600

Segundo: Adxudicar o contrato que ten por obxecto a Subministración e implantación dunha solución de xestión de facturas baseada nunha contorna web e migración do aplicativo de xestión contable do Concello de Santiago de Compostela a mesma contorna web, integrando ambas solucións a nivel operativo e ubicándoas nun único servidor dedicado á empresa AYTOS SOLUCIONES INFORMÁTICAS SL con NIF B41632332 por un importe total de 129.808,80 € (Base imponible: 107.280,00 €, IVE do 21%: 22.528,80 €), sendo a súa a única oferta presentadas.

A unidade encargada do seguimento e control ordinario do contrato será a dirección de área de Modernización, Innovación e Calidade da Administración Local, que adscribe a este cometido ao xefe do servizo de Informática Jesús Rodríguez Castro.

Terceiro: Comprometer o gasto de 129.808,80 €

7.-Posta a disposición para obras de outra administración

Acórdase:

Dar conta á Xunta de Goberno local que a cesión de parcelas segregadas sur e leste da nova parcela EU-7 do SUP-5 á Universidade de Santiago quedou automaticamente sen efecto, por establecelo expresamente o clausulado e a normativa aplicable.

Comunicar á Universidade de Santiago de Compostela que transcorrido con creces o prazo para a súa aceptación e formalización, a cesión de parcelas segregadas sur e leste da nova parcela EU-7 do SUP-5 quedou automaticamente sen efecto, por establecelo expresamente o clausulado e a normativa aplicable, sinalándolle que o Concello buscará a fórmula adecuada que lle permita a súa regularización.

Deixar sen efecto a segregación das parcelas sur e leste da nova parcela EU-7 do SUP-5 acordada pola Xunta de goberno Local de 27 de marzo de 2014, na redacción de 10/04/14, manténdose a nova parcela agrupada EU-7 do SUP-5 de 14.936 metros das parcelas rexistras 34.788, 32.610, 32.622 e 32.580.

8.- Posta a disposición para obras de outra administración

Acórdase:

1. Segregar da nova parcela agrupada EU-7 do Plan Parcial do SUP-5 CHOUPANA) correspondente ás parcelas rexistras 34.788, 32.610, 32.622 e 32.580 que conta cunha superficie rexistral de 14.936 e 13.905,24 segundo recente medición cartográfica as tres seguintes parcelas consonte o plano e validación gráfica que se adxunta:

-SUBPARCELA SUR DA PARCELA EU-7 DO PLAN PARCIAL DO SUP-5 CHOUPANA, na que se alberga a edificación correspondente ao centro de investigación de medicina molecular (CIMUS). Ten forma de trapezio rectangular e unha superficie duns 4.102,31 m², e linda NORTE: con subparcela leste e resto do predio matriz da nova parcela EU-7, SUR Avda. Barcelona, LESTE: rúa Antonio Rama e OESTE: rúa Cima de Eira. Ten natureza de ben de dominio público.

- SUBPARCELA LESTE DA PARCELA EU-7 DO PLAN PARCIAL DO SUP-5 CHOUPANA, na que se alberga a edificación correspondente ao centro de biomedicina experimental de Galicia (CEBEGA). Ten forma sensiblemente cuadrada e unha superficie duns 4.523,11 m², e linda NORTE: con subparcela norte da parcela EU-7, SUR: Subparcela Sur da parcela EU-7 (na que se alberga o centro de investigación de medicina molecular: CIMUS), LESTE: rúa Antonio Rama. OESTE: Subparcela Oeste da parcela EU-7 ou resto do predio matriz. Ten natureza de ben de dominio público .

- SUBPARCELA NORTE DA PARCELA EU-7 DO PLAN PARCIAL DO SUP-5 CHOUPANA. Ten forma sensiblemente rectangular e unha superficie duns 1.716,29 m²;e linda NORTE: con Avenida Mestre Mateo, SUR: Resto do predio matriz da nova parcela EU-7 do SUP-5 e Subparcela Leste da parcela EU-7 (na que se alberga centro de biomedicina experimental de Galicia (CEBEGA), LESTE: rúa Antonio Rama. OESTE: parcela catastral 5666902NH3456F0001DY. Ten natureza de ben de dominio público.

A resultas desta segregación a **finca matriz**, a nova Parcela EU-7 do Plan Parcial do SUP-5, experimenta unha minoración da súa superficie duns 10.341,71m², pasando a ter una superficie **de 3.563,53 m²**, e os seguintes lindes: NORTE: SUBPARCELA NORTE DA PARCELA EU-7 Ampliación de viaria adxacente á Avda Mestre Mateo; SUR: Subparcela Sur desta nova parcela EU-7 antes segregadas;LESTE: subparcela Leste da parcela EU-7 antes segregada; OESTE: de Norte a Sur, en parte parcela catastral 666902NH3456F0001DY e en parte coa rúa Cima de Eira.

2. Reservar a parcela resto da matriz nova reserva EU-7 do Polígono 2 do Plan Parcial do SUP-5 durante seis meses para a construción dun aparcadoiro público que minore os problemas de accesibilidade e saturación do tráfico patentes no contorno do Chus aos efectos de que concrete as condicións do aparcadoiro público.

3. Comunicar ao Sergas que para a tramitación polo Concello da correspondente figura patrimonial durante este prazo de reserva deberá presentar memoria xustificativa dos fines de

utilidade pública e interese social aos que pretende dedicar o ben o dereito, das características do proxecto, así como acreditar suficiencia de recursos, de non facelo a reserva quedará automáticamente sen efecto podendo dispoñer o Concello para os fins que estime convenientes.